

XIII Mercado  
das Rutas do Mar

# Arouxía

10-11 · Agosto · 2019

teatro na rúa, títeres, música tradicional  
degustación de produtos do mar  
2 días no pasado

# **SAÚDA DO ALCALDE**

Estimados veciños/as e visitantes,

Chega un ano máis a tan agardada cita co **Mercado das Rutas do Mar de Muxía**, que acada xa a súa **XIII edición**.

Nesta ocasión tócame subir a este barco levando o posto de mando, unha grande responsabilidade e unha satisfacción, e espero levar a nave a bo porto, o porto da alegria compartida, da boa veciñanza e do orgullo das nosas raíces mariñeiras.

Ainda que é a primeira vez que vivo a festa como alcalde de Muxía, vivina dende a súa primeira edición como algo moi meu, coma cada un de vós que sei que a disfrutades como unha das mellores citas do ano. Como sabedes nacín e medrei nunha casa de xentes do mar e non podo estar máis orgulloso destas raíces que me trouxeron ata a persoa que hoxe son e que espera estar á altura da veciñanza que teño a honra de representar. Xunto con todos e todas vós festexaremos este mundo do mar que define a nosa forma de estar no mundo.

Muxía mirou sempre cara ó mar, tanto a vila coma os lugares das parroquias, que teñen unha grande tradición agraria e gandeira, pero que tamén participaron dende séculos nos oficios relacionados co mar: percebeiros e percebeiras, peixeiras, palangreiros, atadores, gameleiros, apañadores e apañadoras de alghaso, traballadores e traballadoras dos secadoiros de congro....

Todas esas persoas que traballaron nestes oficios trouxéronos ata o día de hoxe, aguantando da nosa comunidade co seu esforzo e traballo diario. A eles e elas queremos render homenaxe con este evento.

Pero ademais as Rutas do Mar son xa un punto de inflexión no noso calendario, onde aparcamos as penas e as pequenas diferencias do día a día para unirnos a gozar polas rúas e a ofrecer o mellor de nós a todas as persoas que nos visitan e que, sen dúbida, vivirán unha experiencia inesquecible.

As Rutas do Mar non son unha festa máis, as Rutas do Mar é a vida dunha vila mariñeira no seu máximo esplendor, con séculos de tradición ó lombo e mirando cara o futuro, mostrando a mellor gastronomía, artesanía, música e teatro nun ambiente exemplar de alegria e camaradería. E todo isto facédelo vós, as persoas que participan nos postos e tamén as que saídes a disfrutar polas rúas, xunto con todas as persoas visitantes e as persoas traballadoras do Concello que dan o mellor de si para que todo estea a punto.

Quero agradecer de antemán que sexades tan boa tripulación e que colaboredes en facer cada ano que esta singradura sexa un motivo de orgullo muxián.

Saíde á rúa e gozade do XIII Mercado Das Rutas do Mar!

Unha aperta,

**Iago Toba Campaña**

**Alcalde de Muxía**



## XIII MERCADO DAS RUTAS DO MAR PROGRAMA DE ACTOS

**SÁBADO, 10 DE AGOSTO**

### MAÑÁ

- 12:00 Pregón inaugural  
a cargo de **José Victorino  
Barrientos Soneira**.  
E a continuación pasarrúas  
"As sardiñas frescas"  
12:15 As plantas do mar,  
algas en movemento  
13:00 Asalto pirata  
13:30 Fauno enfeitizado

### TARDE

- 18:30 Etilio  
19:15 Os pregoneiros de historias  
20:00 Mariñeiro con zancos  
20:45 Pasarrúas do mar  
21:30 Función de circo, habilidades  
e humor  
22:30 Á noite axexa

### AGRUPACIÓN MUSICAIS

**Mañá do sábado:**  
Faíscas da Pontraga  
Xaramiños do Corpiño  
Abrindo Rejo  
Vaiche Boa

**Tarde do sábado:**  
Pedras Miúdas  
Xaramiños do Corpiño  
Abaladeiras  
Vaiche Boa  
Viiqueiras  
Abrindo Rejo

### RINCÓN INFANTIL.

Mañáns de 11 a 14 h. - Tardes de 18 a 22 h.

**SORTEO DO BONITO ás 20.00 h. no Cabo da Vila**



# XIII MERCADO DAS RUTAS DO MAR

## PROGRAMA DE ACTOS

**DOMINGO, 11 DE AGOSTO**

### MAÑÁ

- 11:30 As sardiñas frescas
- 12:15 As plantas do mar,  
algas en movemento
- 13:00 Asalto pirata
- 13:30 Fauno enfeitizado

### TARDE

- 18:30 Etilio
- 19:15 Os pregoneiros de histórias
- 20:00 Mariñeiro con zancos
- 20:45 Pasarrúas do mar
- 21:00 Función de circo, habilidades  
e humor
- 21:30 Á noite axexa

### AGRUPACIÓN MUSICAIS

#### Mañá do domingo:

- Garadoiro
- Fume do cal
- Abrindo Rejo
- Vaiche Boa

#### Tarde do domingo:

- Faiscas da Pontraga
- Xaramiños do Corpiño
- Abaladeiras
- Viqueiras
- Garandoiro
- Abrindo Rejo

**ÁS 22:30 DEGUSTACIÓN DE PEIXE**

**ÁS 23:00 ESPECTÁCULO PIROTÉCNICO ÚNICO DE  
"DICHARAFUEGO", NO PASEO MARÍTIMO**

**RINCÓN INFANTIL.**

**Mañáns de 11 a 14 h. - Tardes de 18 a 22 h.**

**SORTEO DO BONITO**

**ás 20.00 h. na Praza da Constitución**

Organiza e Patrocina:



Concello de Muxía

Colabora:



Deputación  
DA CORUÑA